

# SOLUCIÓNS DO CUESTIONARIO DO TEMA 4 DE NATURAIS

## 1. Tipos básicos de tecidos humanos.

- Epiteliais: recobren superficies internas ou externas.
- Conxuntivos: dan soporte e cohesión a estruturas corporais.
- Musculares: teñen a capacidade de contraerse.
- Nervioso: especializado en procesar información.

## 2. Que é o sistema inmunitario?

É o sistema de defensa do noso corpo. Encárgase de manternos sans e protexernos fronte a unha ampla variedade de axentes que causan enfermidades.

### Que o forma?

Unha serie de células (como os glóbulos brancos) e órganos (como o bazo ou o timo) repartidos por todo o corpo.

## 3. Define síntomas e signos.

- Síntoma: alteración do correcto funcionamento do organismo que un enfermo percibe cando sofre unha enfermidade.
- Signo: alteración do correcto funcionamento do organismo que se pode observar obxectivamente nunha persoa enferma.

## 4. Explica os tipos de tratamentos.

- Curativos: que fan que recuperemos a saúde.
- Sintomáticos: que teñen como finalidade aliviar os síntomas.

## 5. Cal é a diferenza entre as enfermidades infecciosas e as non infecciosas?

As enfermidades infecciosas son causadas por patóxenos que invaden o noso corpo e se multiplican nos nosos tecidos.

As non infecciosas son orixinadas por causas diferentes aos patóxenos.

## 6. Cita o tipo de patóxeno que produce as seguintes enfermidades.

**Solitaria:** parásito

**Pé de atleta:** fungo

**Escarlatina:** bacteria

**Malaria:** protozoo

**Varicela:** virus

## 7. Explica a principal diferenza entre as bacterias e os virus.

As bacterias son microorganismos capaces de reproducirse por si mesmas. Os virus en cambio non, necesitan infectar unha célula para facelo, neste proceso a célula é destruída.

**8. Un antibiótico serve para tratar unha enfermidade vírica? Xustifica a túa resposta.**

Non. Os antibióticos son efectivos para as enfermidades causadas por bacterias pero non curan as víricas.

**9. Cita exemplos de enfermidades non infecciosas. (mínimo 4)**

-Enfermidades que afectan ao correcto funcionamento dos órganos (cardíacas por exemplo).

- Cancro
- Enfermidades traumáticas (rotura de óso por exemplo).
- Enfermidades mentais (como a depresión).
- Enfermidades carenciais (anemia).
- Endocrinas e metabólicas (diabete).

**10. Para previr enfermidades hai que seguir un estilo de vida saudable. Que hábitos implica?**

- Dieta equilibrada
- Descanso axeitado
- Exercicio físico
- Postura axeitada
- Non consumir alcol, tabaco nin outras drogas